

Fragmentos do libreto para a opereta *Como estás?*, escrito por X. Carlos Hidalgo a partir do poemario homónimo de Claudio Pato

X. Carlos Hidalgo

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

HIDALGO, X. CARLOS (2012 [2011]). “Fragmentos do libreto para a opereta *Como estás?*, escrito por X. Carlos Hidalgo a partir do poemario homónimo de Claudio Pato. ”. En estaleiroeditora.blogaliza.org. Anotación: 5 de decembro. <http://estaleiroeditora.blogaliza.org/files/2011/11/XCHidalgo_opereta_como-estas.pdf>. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1724>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

HIDALGO, X. CARLOS (2011). “Fragmentos do libreto para a opereta *Como estás?*, escrito por X. Carlos Hidalgo a partir do poemario homónimo de Claudio Pato”. En estaleiroeditora.blogaliza.org. Anotación: 5 de decembro de 2011. <http://estaleiroeditora.blogaliza.org/files/2011/11/XCHidalgo_opereta_como-estas.pdf>. Consulta: dd/mm/aaaa.

* Edición en pdf en *poesiagalega.org* dispoñíbel desde o 16 de xaneiro de 2012 a partir do URL indicado. Consulta: 13/1/2012.

**FRAGMENTOS DO LIBRETO PARA A OPERETA *COMO ESTÁS?*,
ESCRITO POR X. CARLOS HIDALGO A PARTIR DO POEMARIO
HOMÓNIMO DE CLAUDIO PATO**

X. Carlos Hidalgo

Acto I. Escena segunda. Canción de M

[cántalle CALÍS á gata masoquista]

Vicioso, estasme a bater cunha flor / estás todo o tempo nela / neno, es tan vicioso // pí-desme que che dea co chicote / mais eu só teño unha púa de guitarra // neno, es tan vicioso / cando te vexo vir / quero marchar lonxe / non es o tipo de persoa / coa que quero estar // cando te vexo camiñando pola rúa / márcоче o ritmo coas mans e firoche os pés / non es o tipo de persoa / coa que me quero atopar // ei, vicioso / por que non tragas ti unhas follas de afeitar? / ou é que pensas que son feito dalgunha caste de aceiro homosexual // neno, / ti es tan vicioso / que cando te vexo vir / teño que correr.

Acto II. Escena terceira. Duetto do JICHO e O GLIFO

_[na escena, un único actor interpreta O JICHO e O GLIFO e fai tamén todas as outras voces que interveñen. ambiente de confusión]

Anúnciaseme como deseñador deste libro e eu ao respecto sempre me amosei desconfiado porque non sei que pode dicir exactamente o deseñador ou maquetador ou paxinador dun libro e menos dun libro de poesía e menos despois da tirada de dados. Pero gustaríame explicar algo que xa comentei con Claudio, algo que ten un reverso que se cadra a el despois lle apetece comentar, e que comentei tamén con outras poetas que me confiaron os seus textos, gustaríame explicar este privilexio que obrigatoriamente ten que se converter en condena, porque nunca se sabe se caeu sobre el unha beizón ou fado negro, até que xa se converteu nun empalado, nun zombi. Para explicar as razóns disto só se me ocorre unha cita de Balzac, recollida d' *As Ilusións perdidas* onde di: **“Para chegar ao seu perfeccionamento, a escritura e quizais a linguaxe coñeceron os mesmos tanteos cá tipografía ou a fabricación do papel”**. Até que o libro sae do prelo dase entendido pouca cousa porque, até entón, o poema, o poema nas mans do maquetador, aínda non significa nada, simplemente é; habita un limbo do que dificilmente se pode dicir nada. O maquetador habita o poema coma Kaspar Hauser habita o mundo. Aquí voules ler unha cita dun texto de Sebald que onte repartiu o Cineclub antes da proxección deste filme, presentado por certo por persoas do proxecto Derriba, compañeiros de batalla de Estaleiro editora e tamén traducido do alemán por Catuxa Pato: **“unha existencia estática e sen memoria na que se**

adquire, por así dicilo, a arte ‘de sentir podreecer a madeira desde unha distancia remota’ ou diferenciar as cores na escuridade absoluta”. Até aquí a cita.

[Este parágrafo non é pronunciado:] *Todo este proceso é inverso ao outro que eu creo que alguén, cando colle un libro, cando colle Como estás?, que ten na man algo que en realidade é un obxecto asqueroso, isto é un libro, un libro no sentido do libro-códex, unha fenda encolada ao redor da que se dispoñen uns planos cortados que saen disparados. Non é até que un chega ao texto e ao papel ou á superficie onde estea inscrito, a esa outra materialidade da linguaxe e da escritura que apuntaba Balzac, cando se pode sentir nun lugar verdadeiro, pero iso non ocorre, insisto, até atravesar ese deserto da cousa que chamamos libro e que eu deseñei. Creo que neste lugar desquiciado, nesta fronteira, axudando aos fuxidos a atravesala, é onde habita o Como estás dende os primeiros versos, e léovolos:*

[volve a voz:]

(un día activas as teclas do computador e varias o verso en que fala a deusa e sitúalo ao final do texto pasando de ser o segundo verso após o título do poema a ser o verso final despois escribes este apuntamento e colócalo entre parénteses tal e como o/a lector/a o ten ante os seus ollos)”.

Vale, entón xa dixen demasiado sobre o que non quería dicir nada, interrómpome cuns versos de Ashbery que eu mesmo xa empregara cando Calís me propuxo, hai case dous anos, parolar con el e con algunhas amigas aquí presentes sobre a cousa da escrita. Ashbery, e corto o rollo, di: **“Os escribas caeron no pasmo. / Este non era o arquivo xerárquico para o cal / escrituraran o acceso. Era algo / moito máis asombroso: un seixo opaco na herba”**.

Na páxina catorce de Como estás vólvese ler isto mesmo así escrito outra vez: **a esta altura da escrita / entre ~~as letras e as cores dos lapiseiros~~ / coas que marcas os restos de tinta tratas dunha extensión.**

Acto II. Escena final. Cancán:

Con cada verso soan, alternamente, un trazo / unha rosalia / un compás de charles ives / un crack / mil pesetas / os muros de jericó derruídos polas trompetas desta volta dende dentro / un boureo eterno e un anda jaleo, jaleo:

vivenciadefibelas / traxecto / rexistrocélular / sistema / reforzo / elites / cultura / pantalla / mundo / indeterminación / cousasenlatadas / contentores / sociedade / impactos / parque / prácticassobre / estadointerior / leviatán / economía / segaablación / grundrisse / regularidades / uso / transdución / decota / ideoloxía intensidade / lentepurpurina / indistintamente / marcacióntortura / traxecto / estílema / hexemonía / mundo / indeterminación / uso / leviatán / sala / indeterminación / mundo / indeterminación / que?